



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17. Oficina 10
36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal — fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

CIRCULAR: 36/2023, COMUNICADO SOBRE O APOIO DA FGM Á CAMPAÑA “TI PODES PARALOS” DA COORDINADORA EÓLICA ASÍ NON.

Dende a Federación Galega de Montañismo, en reunión de Xunta Directiva do 5 de outubro de 2023, amosouse á preocupación polo xeito en se está a desenvolver a transición enerxética no noso país e o inminente impacto sobre a paisaxe e os ecosistemas das montañas galegas, xa moi alteradas por instalacións eólicas existentes.

As montañas son o medio onde desenvolvemos a meirande parte das nosas modalidades deportivas e cremos nun xeito respectuoso de facelo, apostando sempre pola súa conservación. Debemos lembrar que as montañas contan con ecosistemas únicos e fráxiles que neste escenario de cambio global corren perigo de transformarse para sempre e desaparecer.

Subliñamos que cumios e cordais cheos de pistas e aeroxeradores desalentan a práctica do montañismo e sendeirismo en toda a súa esencia. E preocúpanos a falta de diálogo e o conflito social que se está a xerar, e a posibilidade de que se estea a infravalorar o seu impacto social, ambiental e sobre a paisaxe.

É por iso que a FGM, con aportacións das súas vogalías, manifestan o seu apoio á campaña “*Ti podes paralos*” a través dunha doazón conxunta ao fondo común, facendo fincapé na importancia do consenso social para levar a cabo unha transformación do territorio deste tipo.

Tal e como reivindicamos no manifesto do noso 60º aniversario:

“Defendamos as montañas limpas e salvaxes.

Longa vida ao Montañismo, aos/as montañeiros/as e aos montañeses e montañesas,”

(por Antonio Fernández “Cholo”)

Vigo, 8 de novembro de 2023

A presidenta da FGM

Josefina Maestu Almeida